

Casas, contra a Orde do 4 de maio de 2010, da conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia (DOG nº 85, do 6 de maio).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, e son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2010.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

## INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

*Resolución do 4 de outubro de 2010 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo (titulado superior), pola quenda de acceso libre, deste instituto.*

Unha vez convocado o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), pola quenda de acceso libre (grupo I, titulado superior), por resolución da presidenta do Intecmar, do 9 de abril de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 73, do 20 de abril, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta presidencia

### DISPÓN:

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Intecmar, pola quenda de acceso libre (grupo I, titulado superior), coa composición que se relaciona no anexo.

Vilaxoán, 4 de outubro de 2010.

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Presidenta do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

### ANEXO

#### Titulados superiores do cadro de persoal laboral fixo do Intecmar (Grupo I)

Tribunal titular:

Presidencia:

-Vicente Pérez Muñuzuri.

Secretaría:

-María Luisa Fernández Cañamero.

Vogais:

-M<sup>a</sup> del Carmen Casáis Laño.

-Manuel Varela Rodríguez.

-M<sup>a</sup> Isabel Bravo Portela.

Tribunal suplente:

Presidencia:

-Carlos Gabín Sánchez.

Secretaría:

-José Molares Vila.

Vogais:

-Elisa Rubí Cano.

-Juan Carlos Blanco Pérez.

-Beatriz Reguera Ramírez.

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Anuncio do 29 de setembro de 2010, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, polo que se procede a dar publicidade á Resolución do 28 de setembro de 2010, coa finalidade de convocar o procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos.*

De conformidade co disposto nas bases dos procedementos de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, aprobadas pola Administración e as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde, o 23 de decembro de 2009, e tras negociacións mantidas cos representantes dos/as traballadores/as da Área Sanitaria de Ferrol no seo da Comisión de Traslados Internos, que deron como resultado a sinatura desta convocatoria o 28 de setembro de 2010,

### RESOLVO:

Anunciar a convocatoria do procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal estatutario fixo nas categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos da Área Sanitaria de Ferrol.

As bases íntegras da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios da área sanitaria, asemade da súa páxina web.